


**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

Plan Estatal de Vivienda 2018-2021.

Ministerio de Fomento. 2018.

Resumo dos programas

(1.4.2018)



**INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO**

Programa 1: Subsidiación dos xuros dos préstamos convidos

Xestión	Programa xestionado polo Ministerio de Fomento coas entidades financeiras.
Persoas beneficiarias	Persoas promotoras e persoas adquirentes de vivendas protexidas que tiveran recoñecida esta axuda ao abeiro de anteriores plans estatais de vivenda.

Programa 2: Programa de axuda ao alugueiro de vivendas

Obxectivo	Facilitar o disfrute dunha vivenda en réxime de alugueiro a sectores de poboación con escasos recursos económicos.
Persoas beneficiarias	Persoas titulares dun contrato de arrendamento.
Requisitos	- Ser titular dun contrato de arrendamento. - A vivenda arrendada debe constituír a súa vivenda habitual e permanente. - Os seus ingresos deben ser iguais ou inferiores a 2,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM). No caso de familia numerosa xeral e persoas con discapacidade este límite será de 4 veces o IPREM. No caso de familia numerosa especial e persoas con determinados graos de discapacidade o límite será de 5 veces o IPREM. - A renda máxima do contrato de alugamento será de 500 euros para os contratos formalizados nas localidades de A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra; de 400 euros, para as vivendas situadas na zona territorial I e 350 para o resto das localidades.
Contía da axuda	40 % da renda.
Duración	3 anos

Programa 3: Programa de axudas ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual

Obxectivo	Ofrecer unha vivenda as persoas afectadas por un desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual dun fondo de vivendas para alugueiro social.
Implantación	Este programa require que se asine un convenio marco entre o Ministerio de Fomento e as entidades financeiras para crear un fondo de vivendas para alugueiro social.
Persoas beneficiarias	Persoas arrendatarias ou propietarias afectadas por un desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual, derivado do non pagamento de rendas dun contrato de alugueiro ou do non pagamento das cotas dun préstamo.
Requisitos	Os seus ingresos deben ser iguais ou inferiores a 2,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM). No caso de familia numerosa xeral e persoas con discapacidade este límite será de 4 veces o IPREM. No caso de familia numerosa especial e persoas con determinados graos de discapacidade o límite será de 5 veces o IPREM.
Contía da axuda	Ata 400 euros de renda (100% da renda), cofinanciada ao 80% a cargo do Ministerio de Fomento e o 20% pola Comunidade Autónoma de Galicia.
Duración	3 anos.

Programa 4: Programa de fomento do parque de vivendas en alugueiro

Obxectivo	Promover o incremento do parque de vivenda en alugamento, mediante axudas para financiar a construción de vivendas que se destinarán ao alugamento durante un mínimo de 25 anos.
Persoas beneficiarias	Persoas físicas, administracións públicas, empresas públicas e privadas, fundacións, empresas de economía social, cooperativas de autoconstrución, ONGs, e asociacións declaradas de utilidade pública.
Requisitos das persoas inquilinas	- Opción 1ª- Ingresos inferiores a 3 veces o IPREM, no caso de que a axuda á persoa promotora teña o límite do 50% da inversión. - Opción 2ª- Ingresos inferiores a 4,5 veces o IPREM, no caso de que a axuda á persoa promotora teña o límite do 40% da inversión.
Contía da axuda	- Opción 1ª- Límite do 50% da inversión cun máximo por vivenda de 36.750 euros. - Opción 2ª- Límite do 40% da inversión cun máximo por vivenda de 31-500 euros.
Renda	- Opción 1ª- A renda máxima esixible será de 5,5 euros por metro cadrado de vivenda. - Opción 2ª- A renda máxima esixible será de 7 euros por metro cadrado de vivenda.

Programa 5: Programa de fomento de vivendas pasra persoas maiores e persoas con discapacidade

Obxectivo	Promover o incremento do parque de vivenda en alugamento, para persoas maiores de 65 anos e persoas con discapacidade, xunto coas instalacións e servizos comúns necesarios para ser explotadas en réxime de alugamento, mediante axudas para financiar a construción, rehabilitación ou reanudación no caso de que estiveran as obras paralizadas destes edificios de vivendas que se destinarán ao alugamento durante un mínimo de 40 anos
Persoas beneficiarias	Administracións públicas, empresas públicas e privadas, fundacións, empresas de economía social, cooperativas de autoconstrución, ONGs, e asociacións declaradas de utilidade pública.
Requisitos das persoas inquilinas	- As persoas beneficiarias dos contratos de alugamento deberán ser maiores de 65 anos ou persoas con discapacidade, cuns ingresos que non superen 5 veces o IPREM. - Non dispoñer de vivenda en propiedade. - Patrimonio inferior a 200.000 euros.
Contía da axuda	Axudas directas á persoa promotora en función da superficie útil das vivendas podendo acadar un máximo de 400 euros por metro cadrado de superficie útil, que non poderá superar o 40% da actuación de inversión.
Renda	Limitación de renda máxima (9,5 euros) por metro cadrado útil.

Programa 6: Programa de axuda aos mozos

Opción 1ª	Axuda ao alugueiro
Obxectivo	Satisfacer o acceso a unha vivenda en réxime de alugueiro
Persoas beneficiarias	Persoas físicas cunha idade inferior aos 35 anos.
Requisitos das persoas inquilinas	- Ser titular ou estar en condicións de asinar un contrato de arrendamento. - A vivenda arrendada debe constituír a súa vivenda habitual e permanente. - Os seus ingresos deben ser iguais ou inferiores a 2,5 veces o IPREM. No caso de familia numerosa xeral e persoas con discapacidade este límite será de 4 veces o IPREM. No caso de familia numerosa especial e persoas con determinados graos de discapacidade o límite será de 5 veces o IPREM. - A renda máxima do contrato de alugamento será de 500 euros para os contratos formalizados nas localidades de A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra; de 400 euros, para as vivendas situadas na zona territorial I e 350 para o resto das localidades.
Contía da axuda	50% da renda mensual
Opción 2ª	Axuda a adquisición
Obxectivo	Facilitar a adquisición dunha vivenda en concellos de menos de 5.000 habitantes

Persoas beneficiarias	Persoas físicas cunha idade inferior aos 35 anos.
Requisitos das persoas adquirente	- A vivenda a adquirir debe constituír a súa vivenda habitual e permanente, durante un prazo de 5 anos dende a data de adquisición. - Os seus ingresos deben ser iguais ou inferiores a 2,5 veces o IPREM. No caso de familia numerosa xeral e persoas con discapacidade este límite será de 4 veces o IPREM. No caso de familia numerosa especial e persoas con determinados graos de discapacidade o límite será de 5 veces o IPREM. - O prezo de adquisición da vivenda será igual ou inferior a 100.000 euros
Contía da axuda	Ata 10.800 euros, cun límite do 20% do prezo de adquisición.

Programa 7: Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sostibilidade das vivendas

Obxectivo	Financiamento de obras para a mellora da eficiencia enerxética e da sostibilidade dos edificios de vivendas, das súas vivendas e das vivendas unifamiliares, tanto en ámbito rural como en urbano.
Persoas beneficiarias	As persoas propietarias das vivendas, as comunidades de persoas propietarias, as persoas propietarias agrupadas cando non dispoñan de título constitutivo de propiedade horizontal, as cooperativas, as empresas constructoras, as arrendatarias ou as concesionarias de edificios, as empreseas de servizos enerxéticos, etc.
Tipo de vivendas	- Vivendas unifamiliares aisladas ou agrupadas en filas - Edificios de tipoloxía residencial colectiva. - As vivendas e os edificios deben estar finalizados antes de 1996.
Contía da axuda	- No caso de vivendas unifamiliares, de ata o 40% da inversión cun límite de 12.000 euros, que poderán acadar ata os 24.000 euros se na vivenda reside unha persoa cunha das discapacidades sinaladas no Plan estatal. - No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, de ata o 40% da inversión cun límite de 8.000 euros por vivenda, que poderán acadar ata os 16.000 euros se na vivenda reside unha persoa cunha das discapacidades sinaladas no Plan estatal. - Estas contías incrementaranse nun 25% cando se outorguen a persoas que sexan menores de 35 anos e as actuacións se realicen en municipios de menos de 5.000 habitantes.

Programa 8: Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade da utilización e da accesibilidade en vivendas

Obxectivo	Financiamento da execución de obras para a conservación, a mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade das vivendas, tanto en edificios de tipoloxía residencial colectiva e nas súas vivendas, así como en vivendas unifamiliares aisladas ou agrupadas en fila, xa sexan rurais ou urbanas.
Persoas beneficiarias	As persoas propietarias das vivendas, as comunidades de persoas propietarias, as persoas propietarias agrupadas cando non dispoñan de título constitutivo de propiedade horizontal, as cooperativas, as empresas constructoras, arrendatarias ou concesionarias de edificios, as empresas de servizos enerxéticos, etc.
Tipo de vivendas	- Vivendas unifamiliares aisladas ou agrupadas en filas - Edificios de tipoloxía residencial colectiva. - As vivendas e os edificios deben estar finalizados antes de 1996.
Contía da axuda	- Para o caso de actuacións de conservación de ata 3.000 euros por vivenda e no caso de actuacións de accesibilidade de 8.000 euros por vivenda, cun límite nos dous casos do 40 % da inversión. - No caso de actuacións de accesibilidade ou cando sexan conxuntas de accesibilidade e conservación o importe máximo poderá acadar ata os 17.000 euros se reside na vivenda unha persoa co grado e co tipo de discapacidade sinalado no Plan estatal. - Estas contías incrementaranse nun 25% cando se outorguen a persoas que sexan menores de 35 anos e as actuacións se realicen en municipios de menos de 5.000 habitantes.

Programa 9: Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas

Obxectivo	Financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de vivendas, nas súas vivendas e nas vivendas unifamiliares, de urbanización de espazos públicos, de obras de demolición para ser substituídas por novas edificacións, incluíndose tamén actuacións en infravivenda e chabolismo. Tamén se financia o realoxo temporal das persoas afectadas polas obras de rehabilitación, así como os gastos de redacción de proxectos, dos equipos e oficinas de planeamento, de información e de acompañamento social.
Persoas beneficiarias	As persoas propietarias ou comunidades de persoas propietarias para o caso de actuacións de rehabilitación e demolición así como no caso de realoxo temporal. As administracións públicas para actuacións de urbanización e reurbanización de espazos públicos, así como para os gastos dos equipos e oficinas de planeamento, de información e de acompañamento social.
Tipo de vivendas	Edificios de tipoloxía residencial colectiva, nas súas vivendas e nas vivendas unifamiliares.
Contía da axuda	A contía das axudas será de ata 12.000 euros por vivenda rehabilitada, tanto no caso de vivendas unifamiliares ou de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementándose neste último caso con 120 euros por cada metro de local comercial construído. No caso de tratarse dun Ben de Interés Cultural (BIC) a axuda incrementase en 1.000 euros. Esta axuda elevase a 30.000 euros por vivenda construída no caso de demolicións ou de substitucións infravivendas ou chabolas. As axudas para obras de urbanización será de 2.000 euros por vivenda rehabilitada. No caso de realoxos a axuda será de 4.000 euros anuais por unidade

de convivencia, cun límite de 3 anos.

O importe da axuda para os equipos e oficinas de información, planeamento e asesoramento será de 1.000 euros por cada vivenda rehabilitada.

A comunidade autónoma cofinanciará este programa establecendo unha axuda cun importe do 10% da actuación no caso de rehabilitación de vivendas, cun límite de 4.000 euros por vivenda.

Así mesmo a comunidade autónoma subvencionará os equipos e oficinas de información, planeamento e asesoramento cunha axuda de 1.000 euros por cada vivenda rehabilitada.